



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONCESIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO CONCELLO DE LAXE PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, PEL-REACTIVA

Expte. núm. 2020/A002/000004

Expte. Decreto núm: 2021/G003/000091

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña núm. 2020/23462 aprobáronse as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES (BOP núm. 123, do 05/08/2020) e por Resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2020/24109 de data de 07/08/2020 modificouse a anterior Resolución (BOP núm. 128, do 12/08/2020). Nas citadas bases inclúese a Norma 18: Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia.

Con data do 09/10/2020, por medio de Resolución de Alcaldía núm.537/2020, o Concello de Laxe adhiérese ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, para convocar unha liña de subvencións para mitigar o excepcional impacto económico e social derivado da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 e a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

Con data do 06/11/2020 publícase no BOP núm. 188, o extracto da convocatoria no que se establece un prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña e finalizará ás 14.00 horas do 25/11/2020.

De acordo co art. 6 das bases reguladoras: “[...] A valoración das solicitudes realizarase por grupos de beneficiarios/as dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo. Terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao Grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación. Se atendendo ao límite orzamentario fixado para cada concello hai crédito dispoñible, este destinarase a cubrir as solicitudes con maior valoración do Grupo II e por último as do Grupo III con maior valoración, ata esgotar o crédito dispoñible.”

O importe da consignación prevista ascende a un total de 57.817,51 euros. O importe da subvención será fixo e oscilará entre 1.500 euros e 3.000 euros.

Para a revisión e valoración das solicitudes designouse unha comisión de valoración integrada por Julio Torreira López, animador-monitor deportivo, Emilia Alborés Lema, axente de emprego e desenvolvemento local e M^a del Carmen Varela Campos, orientadora laboral.

Por Resolución de Alcaldía núm. 22/2021, de 22/01/2021, delégase en D. Eulogio Constantino Castiñeira, concelleiro de persoal, obras, servizos e praias as atribucións que lle corresponden para resolver este expediente administrativo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 26/2021, de 22/01/2021 aprobouse a listaxe provisional de concesión de axudas para a reactivación económica e social do Concello de Laxe, PEL-Reactiva, concedendo un prazo de 10 días hábiles aos interesados para presentaren, de ser o caso, o desestimento da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Durante o prazo concedido, presentáronse as seguintes alegacións:

Nº	EXPEDIENTE	SOLICITANTE	DATA ALEGACIÓN
1	2020/A003/000036	****4419*	29/01/2021
2	2020/A003/000016	****3101*	03/02/2021
3	2020/A003/000007	****5321*	08/02/2021
4	2020/A003/000018	****1811*	10/02/2021
5	2020/A003/000048	****2606*	11/02/2021
6	2020/A003/000049	****0122*	11/02/2021
7	2020/A003/000031	****6358*	11/02/2021
8	2020/A003/000052	****1610*	11/02/2021

Vista toda a documentación que consta no expediente admvo. núm. 2020/A002/000004: Axudas do Concello de Laxe para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, Pel-Reactiva, e visto o informe proposta de concesión definitiva,

esta Alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro.-Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polos motivos expostos no informe redactado pola comisión de valoración e que se transcribe a continuación:

[...] INFORMA QUE:

Primeiro: Esta comisión non valorou ningún apartado do anexo IX “Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas” que non fóra debidamente riscado e acreditado dentro do prazo concedido para o efecto.

Segunda: Na base 10º das bases reguladoras establece que: “[...] O concello poderá requirir ós solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados na solicitude, todo iso no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude”.

En base ao anterior,

1º: Alegación realizada por ****4419* (expte. admvo. 2020/A003/000036).

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. E por último, que se lle valore a contratación dunha empregada.

Contestación á súa alegación:

De acordo co establecido na base 10 da norma 18, ao interesado concedéuselle un prazo de 10 días hábiles para que xustificara o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para a que se solicita a axuda, non xustificando este apartado dentro do prazo establecido.

Na solicitude da axuda, o interesado autoriza a consulta para comprobar o cumprimento de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria (AEAT), pero non autoriza a consulta de datos relativa ás obrigas tributarias coa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Comunidade Autónoma de Galicia, sendo un requisito das persoas beneficiarias estar ao corrente con ditos organismos. Ao non ser presentado fôiselle requirido e tomado en conta no momento da súa presentación efectiva.

Esta comisión non valorou o apartado do anexo IX “Número mulleres contratadas” por non ser marcado nin acreditado para a valoración na súa solicitude.

Polo que non se estima as súas alegacións.

2º: Alegación realizada ****3101* (expte. admvo. 2020/A003/000016).

Manifesta que por un erro de omisión non se enviou o certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia, pese a telo obtido. Solicita que se teña por enmendada esta situación co envío dos certificados que adxunta neste momento.

Contestación á súa alegación:

Unha vez feito o requirimento o día 3 de febreiro do 2020 e aportando o interesado o día 18 de decembro do 2020 documentación complementaria, non achegou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias de Galicia dentro do prazo concedido, sendo este un dos requisitos das persoas beneficiarios establecido na base 4ª.

Polo que non se estima a súa alegación.

3º: Alegación realizada por ****5321* (expte. admvo. 2020/A003/000007)

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditado a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización, quedando acreditado a súa utilización no propio nome do establecemento que rexenta, “Tasca O Quitapenas”. Solicita modificar a puntuación na listaxe provisional.

Contestación á súa alegación:

A interesada no momento da presentación da súa solicitude no anexo IX: Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas, non marcou como condición para ser valorado o emprego da lingua galega; polo que esta comisión non valorou este apartado.

Polo que non se estima a súa alegación.

4º: Alegación realizada por ****1811* (expte. admvo. 2020/A003/000018).

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. Así mesmo, refire que se admita un escrito aínda que se presentou máis aló do prazo de 10 días hábiles concedido para emendar os defectos observados, sempre que, se presente antes ou dentro do mesmo día en que a administración notifique que se ten por transcorrido o prazo ao amparo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Contestación á súa alegación:

Na notificación de aprobación da listaxe provisional de concesión destas axudas establecíanse 10 días hábiles para presentaren, de ser o caso, o desestimento da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas. A interesada recolleu a dita notificación o día 26 de xaneiro de 2021 e presentou alegacións o día 10 de febreiro de 2021, fóra do prazo establecido.

Polo que non se estima as súas alegacións.

5º: Alegación realizada por ****2606* (expte. admvo. 2020/A003/000048).

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. Así mesmo, refire que se admita un escrito aínda que se presentou máis aló do prazo de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

10 días hábiles concedido para emendar os defectos observados, sempre que, se presente antes ou dentro do mesmo día en que a administración notifique que se ten por transcurrido o prazo ao amparo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Contestación á súa alegación:

Na notificación de requirimento de documentación establecíase un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación deste requirimento, para achegar ao expediente a documentación solicitada. A interesada recolleu a dita notificación o día 10 de decembro de 2020 e contestou ao requirimento o día 28 de decembro de 2020, fóra do prazo establecido.

Polo que non se estima as súas alegacións.

6º: Alegación realizada por **0122* (expte. admvo. 2020/A003/000049).**

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. Así mesmo, refírese que se admita un escrito aínda que se presentou máis aló do prazo de 10 días hábiles concedido para emendar os defectos observados, sempre que, se presente antes ou dentro do mesmo día en que a administración notifique que se ten por transcurrido o prazo ao amparo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Contestación á súa alegación:

Na notificación de requirimento de documentación establecíase un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación deste requirimento, para achegar ao expediente a documentación solicitada. A interesada recolleu a dita notificación o día 10 de decembro de 2020 e contestou ao requirimento o día 28 de decembro de 2020, fóra do prazo establecido.

Polo que non se estima as súas alegacións.

7º: Alegación realizada por **6358* (expte. admvo. 2020/A003/000031).**

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. Así mesmo, refírese que se admita un escrito aínda que se presentou máis aló do prazo de 10 días hábiles concedido para emendar os defectos observados, sempre que, se presente antes ou dentro do mesmo día en que a administración notifique que se ten por transcurrido o prazo ao amparo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Contestación á súa alegación:

Na notificación de requirimento de documentación establecíase un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación deste requirimento, para achegar ao expediente a documentación solicitada. A interesada recolleu a dita notificación o día 10 de decembro de 2020 e contestou ao requirimento o día 28 de decembro de 2020, fóra do prazo establecido.

Polo que non se estima as súas alegacións.

8º: Alegación realizada por **1610* (expte. admvo. 2020/A003/000052).**

Entende que a comisión de valoración non cre suficientemente acreditada a utilización da lingua galega e en ningún momento se recolle nas bases a maneira de xustificar a devandita utilización. Así mesmo, considera que a solicitude debe entenderse como completa xa que, a declaración responsable recolle o resto da documentación, aínda que a administración poida solicitala como complementaria. En relación ao certificado de atoparse ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Galicia recóllese expresamente na devandita declaración responsable, que se pode outorgar a autorización a administración para que sexa obtido pola súa banda. Así mesmo, refírese que se admita un escrito aínda que se presentou máis alo do prazo de 10 días hábiles conferido para emendar os defectos observados, sempre que, se presente antes ou dentro do mesmo día en que a administración notifique que se ten por transcorrido o prazo ao amparo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Contestación á súa alegación:

Na notificación de requirimento de documentación establecíase un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte á notificación deste requirimento, para achegar ao expediente a documentación solicitada. O interesado recolleu a dita notificación o día 4 de decembro de 2020 e non contestou ao dito requirimento.

Polo que non se estima as súas alegacións. [...]"

Segundo.- Aprobar a concesión definitiva das axudas para a reactivación económica e social do Concello de Laxe, PEL-Reactiva, que se relaciona no Anexo I, polos importes que se indican, con cargo á partida 2020.430.479.00 proxecto de gasto 2020-3-PELRE, sendo o importe total proposto de 57.817,51€.

ANEXO 1

BENEFICIARIOS									
	NÚMERO EXPEDIENTE ****DNI* OU ****CIF*	TIPO EMPRESA	FORMA XURÍDICA	MULLERES	PERSOAS	MENORES DE 30	GALEGO	TOTAL	CONTÍA
1	2020/A003/000027 ****1635*	10	6	5	0	3	2	26	3.000€
2	2020/A003/000006 ****2500*	10	6	3	0	3	2	24	3.000€
3	2020/A003/000023 ****1229*	8	6	3	0	3	2	22	2.500€
4	2020/A003/000029 ****7909*	8	6	3	0	3	2	22	2.500€
5	2020/A003/000034 ****2509*	8	6	3	0	0	2	19	2.500€
6	2020/A003/000053 ****2646*	8	6	3	0	0	0	17	2.500€
7	2020/A003/000011 ****4985*	8	0	3	0	3	2	16	2.500€
8	2020/A003/000009 ****2586*	8	0	3	0	3	2	16	2.500€
9	2020/A003/000014 ****0938*	6	0	3	0	3	2	14	2.000€
10	2020/A003/000013 ****7332*	6	6	0	0	0	2	14	2.000€
11	2020/A003/000020 ****1004*	5	6	0	0	0	2	13	1.500€
12	2020/A003/000025 ****9076*	6	0	3	0	3	0	12	2.000€
13	2020/A003/000012	6	0	3	0	0	2	11	2.000€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

	****3355*								
14	2020/A003/000015 ****4999*	6	0	3	0	0	2	11	2.000€
15	2020/A003/000017 ****8614*	6	0	3	0	0	2	11	2.000€
16	2020/A003/000047 ****9693*	5	6	0	0	0	0	11	1.500€
17	2020/A003/000019 ****8471*	8	0	0	0	0	2	10	2.500€
18	2020/A003/000021 ****5670*	6	0	0	0	0	2	8	2.000€
19	2020/A003/000050 ****2059*	8	0	0	0	0	0	8	2.500€
20	2020/A003/000042 ****8979*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
21	2020/A003/000046 ****5769*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
22	2020/A003/000041 ****3980*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
23	2020/A003/000037 ****6305*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
24	2020/A003/000035 ****2683*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
25	2020/A003/000040 ****5328*	5	0	0	0	0	2	7	1.500€
26	2020/A003/000022 ****9053*	5	0	0	0	0	0	5	1.500€
27	2020/A003/000038 ****2187*	5	0	0	0	0	0	5	1.500€
28	2020/A003/000007 ****5321*	5	0	0	0	0	0	5	1.500€
29	2020/A003/000033 ****2362*	5	0	0	0	0	0	5	1.317,51€*
CONTÍA TOTAL									57.817,51€

*Na última solicitude outórgase o saldo restante ata completar o monto de axuda a conceder.

Terceiro. - Desestimar as seguintes solicitudes que cumprindo coas condicións establecidas na orde, non se poden estimar por insuficiencia de crédito orzamentario:

BENEFICIARIOS GRUPO I								
	NÚMERO EXPEDIENTE ****DNI* OU ****CIF*	TIPO EMPRE CA	FORMA XURÍDI CA	Nº MULLE NRC	Nº PERSO AC	MENO RES DE SC	GALEG O	TOTAL
1	2020/A003/000036 ****4419*	5	0	0	0	0	0	5
2	2020/A003/000051	5	0	0	0	0	0	5

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

	****6321*							
3	2020/A003/000010 ****3842*	5	0	0	0	0	0	5

BENEFICIARIOS GRUPO II								
	NÚMERO EXPEDIENTE ****DNI* OU ****CIF*	TIPO EMPRESA	FORMA XURÍDICA	Nº MULLERES	Nº PERSONAS	MENORES DE 30 ANOS	GALEG O	TOTAL
1	2020/A003/000044 ****1899*	8	0	3	0	0	2	13
2	2020/A003/000043 ****6434*	0	6	0	0	0	0	6

BENEFICIARIOS GRUPO III								
	NÚMERO EXPEDIENTE ****DNI* OU ****CIF*	TIPO EMPRESA	FORMA XURÍDICA EMPRESA	Nº MULLERES	Nº PERSONAS NICADA	MENORES DE 30 ANOS	GALEG O	TOTAL
1	2020/A003/000008 ****4841*	8	0	3	0	0	2	13

Cuarto.- Desestimar as solicitudes seguintes polas causas expostas en cada caso:

Nº	EXPEDIENTE	****DNI* OU ****CIF*	GRUPO DE SOLICITUDE
1	2020/A003/000039	****9199*	Non ten domicilio fiscal no Concello de Laxe
2	2020/A003/000016	****3101*	Non presenta certificado de estar o corrente coa Axencia Tributaria de Galicia
3	2020/A003/000024	****7595*	Cese de actividade
4	2020/A003/000018	****1811*	Non acredita personalidade xurídica da Sociedade Civil. Non presenta certificado de estar o corrente coa Axencia Tributaria de Galicia. Non presenta Certificación Bancaria.
5	2020/A003/000026	****7713*	Non cumpre requisito Grupo II
6	2020/A003/000028	****6607*	Incompatibilidade segundo LOREX
7	2020/A003/000030	****8056*	Non ten domicilio fiscal no Concello de Laxe
8	2020/A003/000031	****6358*	Non presenta certificado de estar o corrente coa Axencia Tributaria de Galicia.
9	2020/A003/000032	****9039*	Renuncia
9	2020/A003/000045	****8722*	Non ten domicilio fiscal no Concello de Laxe
10	2020/A003/000048	****2606*	Non acredita personalidade xurídica da Sociedade Civil. Non presenta certificado de situación censal da Axencia Estatal Tributaria. Non presenta certificado de estar o corrente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

			coa Axencia Tributaria de Galicia. Non cumprimenta adecuadamente o Anexo IX
11	2020/A003/000049	****0122*	Non acredita personalidade xurídica da Sociedade Civil.
12	2020/A003/000052	****1610*	Non presenta certificado de estar o corrente coa Axencia Tributaria de Galicia. Non cumprimenta adecuadamente o Anexo IX. Non presenta documentación acreditativa de peche obrigatorio.
13	2020/A003/000054	****7329*	Solicitude presentada fóra de prazo

Quinto.- Conceder aos beneficiarios un prazo de xustificación que rematará o 31 de marzo de 2021, durante o cal terán que presentar os xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable (do 1 de marzo ata o 31 de decembro de 2020), correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base 7ª, ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un documento aclaratorio do seu contido, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

Unha vez aprobada a conta xustificativa presentada polo beneficiario, o pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

Sexto: Os beneficiarios das axudas deberán cumprir cos compromisos e deberes establecidos na base 14ª da convocatoria.

Sétimo.- Notificar este acordo aos interesados/as. Esta resolución publicarase tamén na sede electrónica do Concello de Laxe a título informativo.

Octavo.- Este acto pon fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o concelleiro delegado D. Eulogio Constantino Castiñeira, do que eu como secretaria dou fe.

O concelleiro delegado (Resolución de alcaldía
núm. 22/2021, de 22/01/2021)
Asdo. Eulogio Constantino Castiñeira

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García